Concello de Lugo

ANUARIO DO DEPORTE 2018

AS CIFRAS DO DEPORTE NO CONCELLO DE LUGO

O goberno municipal destinou preto de tres millóns de euros á promoción do deporte no concello, apoiando a asociacións e clubs locais e convertendo Lugo nunha capital do deporte con eventos de ámbito español e internacional

2.901.338 €uros

140.383 €
OUTRAS ACTUACIÓNS

1.981.292 €
PROMOCIÓN

200.000 €
PISCINAS MUNICIPAIS

247.963 €
PISTAS POLIDEPORTIVAS

331.700 €
OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS





OUTRAS ACTUACIÓNS

O Concello de Lugo está aberto a colaborar con iniciativas destinadas a fomentar a práctica deportiva no municipio. O deporte valórase tamén como unha plataforma para a promoción turística da cidade e para a dinamización económica.

PROMOCIÓN

O Concello de Lugo impulsou o deporte no municipio apoiando a actividade de clubs e asociacións locais, mellorando instalacións imprescindibles para o tecido deportivo do municipio e traendo á cidade eventos de ámbito nacional e internacional.

PISCINAS MUNICIPAIS

As piscinas dos complexos polideportivos municipais de Frigsa e As Pedreiras albergan habitualmente os adestramentos e competicións organizadas polos clubs de natación do municipio e cursos de natación promovidos polo Concello.

PISTAS POLIDEPORTIVAS

As canchas do complexo da Frigsa, dos polideportivos Daniel Cordido e O Pombal ou do Pavillón Municipal de Deportes acollen os encontros dos equipos insignia da cidade, ademais de adestramentos e competicións de base.

OUTRAS INSTALACIÓNS

O campo de béisbol Germán López Vila ou o Estadio Gregorio Pérez Rivera, onde se disputan as competicións de rugby, sitúan a Lugo entre as cidades galegas que máis opcións ofrecen para a práctica de diferentes deportes.

SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

631.500 €uros

Máis de medio cento de clubs e asociacións deportivas beneficiáronse de subvencións nominativas para financiar gastos derivados da súa actividade competitiva e da organización de distintos torneos e eventos.

CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBS

145.000 €uros

As axudas, que alcanza un máximo de 7.500 euros, teñen en conta o número total de licenzas, o número de deportistas femininas federadas ou a traxectoria de colaboración co concello do club ou asociación.

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS CON TALENTO DEPORTIVO

26.000 €uros

A contía asignouse a deportistas que destacaron polos seus resultados en competicións galegas e españolas. Estas achegas individuais teñen como obxectivo apoiar a práctica e mellora deportiva, financiando gastos de aloxamento, desprazamento e reforzo académico.

ESCOLAS DEPORTIVAS

O concello colabora con clubs da cidade no funcionamento de escolas de dezaseis disciplinas que forman o gran viveiro de deportistas do municipio cuns 850 nenos e nenas

ACTIVIDADE	CLUB QUE A IMPARTE	MEDIA MENSUAL
BALONCESTO	ESCOLA MUNICIPAL	87
BEISBOL	LUME BEISBOL CLUB	51
CICLISMO	C.C. CIDADE DE LUGO	41
ESGRIMA	LUGO ESGRIMA	20
PATINAXE / HOCKEI	C.H. MEIGAS	40
HOCKEY/PATINAXE	LÓSTREGOS LUCUS	70
LOITA	CLUB LOITA LUGO	35
PIRAGÜISMO	CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO	7
PREDEPORTE	CLUB PORTA XI - ENSINO	15
RUGBY	MURALLA RUGBY CLUB	54
TAEKWONDO	ESCOLA LUCENSE DE TAEKWONDO	125
TENIS	C. TENIS AS TERMAS / FEDERACION GALEGA TENIS	130
TIRO CON ARCO	ESCOLA LUCENSE DE TIRO CON ARCO	16
TRIATLÓN	CLUB TRIATLÓN CIDADE DE LUGO	46
X.RITMICA	CLUB FILIGRANA	104
	MEDIA TOTAL	841

As escolas facilitan e fomentan a práctica deportiva e a actividade física desde a infancia, contribuíndo a crear e consolidar hábitos saudables na poboación máis nova. A ampla oferta de actividades, con dezaseis modalidades, abre a porta ao deporte a nenos e nenas desde as primeiras idades e con preferencias distintas. O abano de modalidades modúlese en función das inquedanzas e das necesidades detectadas, tratando de reunir un número mínimo de usuarias e usuarios. A través das escolas, o Concello de Lugo aposta por ampliar o espazo social de deportes habitualmente apartados dos focos, algúns deles cunha importante tradición no municipio como o rugby, o béisbol ou o hóckey. Ademais, o goberno municipal contribúe á proxección de modalidades novas como o pentatlón moderno, incorporado recentemente á axenda. A calidade da formación que se imparte nas escolas deportivas frutificou tamén nestes anos en importantes logros competitivos en disciplinas como o taekwondo.

DEZASEIS MODALIDADES

A estrutura de escolas deportivas con apoio do Concello de Lugo inclúe tenis, taekwondo, ximnasia rítmica, baloncesto, hóckey, patinaxe, rugby, béisbol, ciclismo, triatlón, pentatlón moderno, loita, esgrima, tiro con arco, piragüismo e predeporte. O goberno municipal colabora no funcionamento das actividades, que imparten directamente equipos técnicos de clubs con traxectorias recoñecidas en cada un dos deportes. A Concellaría de Deportes aposta polas disciplinas nas que a oferta das entidades privadas é máis reducida, ampliando o abano de opcións das que dispoñen os nenos e nenas lucenses.

850 DEPORTISTAS EN FORMACIÓN NAS ESCOLAS

A media de asistencia mensual ás escolas deportivas apoiadas polo Concello de Lugo rondou os 850 nenos e nenas no curso 2017/2018, o último con balance pechado. Tenis, taekwondo, ximnasia rítmica, hóckey, patinaxe e baloncesto foron as disciplinas que máis deportistas reuniron durante o ano. As sesións de adestramento realízanse en horario de tarde en diferentes días da semana e compleméntanse, na maioría das actividades, coa participación en ligas e competicións reguladas. As cuotas mensuais varían entre os 10 e os 45 euros segundo as modalidades.

SETE COMPLEXOS E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

O Concello de Lugo cede diferentes instalacións de titularidade ou xestión municipal para que as escolas poidan realizar as actividades programadas de outubro a xuño, periodo habitual de funcionamento. Os complexos polideportivos de Frigsa e As Pedreiras -dos que forman parte as pistas de atletismo e o campo de rugby do Gregorio Pérez Rivera-, o Pavillón Municipal de Deportes, o polideportivo O Pombal, o polideportivo Daniel Cordido, o campo municipal Germán López Vila, así como o Pazo de Feiras e Congresos de Lugo son empregados semanalmente para as clases e adestramentos.

JORGE PRADO

Motocross

Unha comitiva motorista acompañou ata a Casa Consistorial a Jorge Prado, homenaxeado tras conquistar o campionato do mundo de MX2, a segunda categoría de motocross. Con só 17 anos o lucense converteuse no primeiro español en lograr o título sumando un éxito máis a unha traxectoria marcada pola precocidade. O piloto foi campión do mundo de 65 cc antes de cumprir os once anos e campión europeo de 125 cc aos catorce anos.

FERMÍN CACHO

Atletismo

O atleta soriano visitou a cidade para apadriñar a Media Maratón Cidade de Lugo celebrada en maio. O mediofondista, lenda viva do atletismo, foi recibido pola Corporación Municipal nun acto no que se enxalzou a súa carreira deportiva con especial mención á medalla de ouro lograda nos Xogos Olímpicos de Barcelona 1992. O corredor dedicara aquel metal ao atleta Tito Margaride nun xesto que o vencellou para sempre á cidade.

JUAN DE DIOS ROMÁN

Balonmán

O adestrador Juan de Dios Román foi homenaxeado no concello en abril, durante a visita que realizou á cidade para participar nunhas xornadas organizadas polo Peña Atlética Lucense. Cinco títulos de Liga e cinco Copas do Rei co Atlético de Madrid e os diferentes éxitos internacionais como seleccionador español engrosan o palmarés do técnico quen, durante o acto no consistorio, destacou a importancia de traballar polo deporte de base. A súa presenza en Lugo foi un acicate para un disciplina con gran tradición deportiva no municipio.

ESCOLA LUCENSE DE TAEKWONDO

Taekwondo

Lugo rendeuse aos méritos dos deportistas da Escola Lucense de Taekwondo que levaron o nome da cidade aos podios do Campionato de España Poomsae e Adulto. Nuria García e Alejandro González lograron os maiores éxitos individuais cun bronce e un ouro na competición. Ademais, os taekwondistas do club contribuíron a que Galicia se proclamase por primeira vez campioa de España por Equipos. A Escola Lucense forma máis de 130 deportistas, o que a sitúa entre as entidades con maior número de licenzas da provincia.

CB BREOGÁN

O concello foi escenario da celebración do histórico ascenso do CB Breogán á ACB despois de doce anos na LEB Ouro. O equipo compartiu o éxito coa afección concentrada na Praza Maior.

Os heroes celestes continuaron no balcón da casa consistorial a festa iniciada coa vitoria ante o Sammic Iraurgi no Pazo dos Deportes. O salto de categoría pechou unha temporada gloriosa para o club, que tamén puido celebrar na casa a Copa Princesa.

ENSINO LUGO

O Ensino festexou no concello o salto á Liga Día. O club volveu á máxima categoría do baloncesto feminino español pola porta grande, gañando todos os partidos da fase de ascenso.

A vitoria contra o Gran Canaria en Valencia devolveu ao club á categoría de ouro despois de once anos. As xogadoras, o equipo técnico e a directiva recibiron o recoñecemento da cidade na Casa do Concello.

CV EMEVÉ

O CV Emevé completou unha tempora-da histórica para o deporte lucense co ascenso do equipo á Superliga Feminina 1, a elite do voleibol español, no ano do seu 35 aniversario.

A promoción selou unha temporada redonda para o club, anfritrión da primeira Copa Princesa disputada en Lugo. O equipo masculino quedou campión e o feminino, subcampión. As categorías de base tamén sumaron títulos ao palmarés da entidade co campio-nato galego de infantil masculino.

“SE XA É DIFÍCIL CONSEGUIR ESTES LOGROS, CAN-DO SE TRATA DE DEPORTE FEMININO MOITO MÁIS. GRAZAS EN NOME DE TODA A CIDADE POR FACER DE LUGO UNHA CAPITAL DO DEPORTE”

LARA MÉNDEZ

OS EVENTOS DE

AS PROMESAS DO PIRAGÜISMO NAS AUGAS DO RÍO MIÑO

Lugo acolleu por primeira vez un Campionato Galego de Piragüismo das categorías alevín e benxamín. Preto de 400 padexeiros de 31 clubs participaron na competición, que se disputou na Escola Provincial de Piragüismo. Ademais, o concello colaborou co Club Fluvial na organización dos Cursos de Piragüismo 2018 que, durante o verán, iniciaron neste deporte a nenas e nenos a partir dos nove anos.

"Os rapaces e rapazas poderán practicar piragüismo disfrutando da contorna natural do Río Miño"

MIGUEL FERNÁNDEZ

RESPALDO PARA O HOCKEY FEMININO COA COPA PRINCESA

O Concello de Lugo puxo en valor a gran tradición do hockey feminino na cidade co seu apoio á celebración da Copa Princesa. O goberno municipal colaborou co CH Meigas, pioneiro deste deporte na provincia, na organización desta cita na que tamén participou o Lóstregos Lucus, ademais doutros tres equipos chegados de diferentes puntos da Península. O Polideportivo Municipal Daniel Cordido acolleu os nove encontros do torneo, que converteu Lugo na capital española deste deporte. O evento serviu para dar maior visibilidade e afianzamento a unha modalidade que segue a medrar pola base. Os clubs lucenses contan con equipos nas categorías benxamín, alevín e infantil nos que as máis pequenas e os máis pequenos se forman para afrontar os retos futuros.

EUROPA ELIXIU LUGO PARA O CAMPIONATO DE PENTATLÓN

O Concello de Lugo reiterou o seu compromiso coas disciplinas deportivas minoritarias co apoio á organización da Copa de Europa de Pentatlón Moderno para categorías de menores, que nas últimas edicións uniu o seu nome ao da cidade. As piscinas das Pedreiras e as instalacións do Gregorio Pérez Rivera acolleron as distintas probas desta modalidade en auxe que une probas combinadas de tiro e carreira en diferentes distancias, esgrima e natación. Ademais, disputouse o torneo Láser Run Cidade de Lugo, dirixido a atletas das categorías sénior e veterano. Os dous eventos xuntaron na cidade uns 200 deportistas de diferentes países.

A BASE DO BALONMÁN GALEGO CITOUSE NA CIDADE DE LUGO

Vinte equipos galegos das categorías alevín e benxamín participaron en xaneiro no I Torneo Cidade de Lugo, que contou co apoio do Concello. O goberno municipal colaborou co Club Polideportivo Lucense na organización deste evento que converteu á cidade en centro de referencia do balomán galego de base e impulsou o nome do club lucense. A cita tivo como colofón un encontro amigable entre dous conxuntos históricos do balonmán español, Conde de Albarei SD Teucro e Abanca-Ademar, que fixeron vibrar á afección no Pavillón Municipal dos Deportes.

LUGO É BASKET

O Lugo é Basket foi o aperitivo a unha temporada memorable para o baloncesto lucense, co CB Breogán e o Durán Maquinaria Ensino nas máximas categorías. O evento, organizado co apoio do Concello de Lugo, programou dous encontros amigables nos que os equipos da cidade se mediron a Fuenlabrada e León. Ademais do torneo que devolveu o mellor baloncesto á afección lucense, organizáronse unhas xornadas formativas, dirixidas a adestradores de base, nas que participou o adestrador español Jota Cuspinera, que compartiu os seus coñecementos e experiencia no baloncesto de alto nivel.

PORTIVOS DO ANO EN LUGO

NENAS E NENOS DE TODA ESPAÑA NO CAMPUS ÁLEX LLORCA

O Concello de Lugo colaborou na organización da terceira edición do Campus Álex Llorca no que participaron preto dun centenar de rapazas e rapaces de toda España. As futuras promesas do baloncesto disfrutaron dun amplo programa de actividades formativas relacionadas con este deporte ademais de coñecer a cidade en compañía do que fora xogador do CB Breogán. O deportista catalán mantén un estreito vínculo con Lugo desde o seu paso polo club celeste.

A VOLTA ÁS COMARCAS SAÍU DESDE A PRAZA MAIOR PARA RECORRER A PROVINCIA

Lugo foi o centro de referencia da Volta ás Comarcas de Lugo, unha marcha cicloturista por estrada única en España polo seu formato en etapas. O pelotón arrincou da Praza Maior, onde a alcaldesa Lara Méndez e o concelleiro de Deportes, Miguel Fernández, asistiron á saída da proba. A cidade foi tamén o punto de chegada da terceira e derradeira etapa, que tivo como epílogo a entrega de premios.

O evento, que reproduce a loxística das grandes carreiras profesionais proporcionando unha experiencia inédita a ciclistas amateurs, serviu como escaparate dos recursos naturais e culturais cos que contan os concellos polos que pasou o pelotón, formado por uns 200 ciclistas. A cita tivo unha repercusión notable na hostelería e na ocupación de prazas de aloxamento, xa que parte dos asistentes chegaron desde fóra da provincia e pernoctaron na cidade. A Volta ás Comarcas contou coa presenza de Joseba Beloki, escalador vasco que logrou tres podios nas súas participacións no Tour de Francia.

O GOBERNO MUNICIPAL APLAUDIU O ESFORZO E O TRABALLO DE CLUBS E DEPORTISTAS

Ademais de comprometerse coa promoción da canteira con apoio económico e loxístico a clubs e deportistas, o Concello de Lugo colaborou na organización de diferentes galas nas que os medios de comunicación recoñeceron o esforzo e o traballo de toda a estrutura de base no concello. Os representantes do goberno municipal sumáronse a estas festas do deporte participando da ilusión dos premiados e premiadas e enxalzando os valores inherentes á práctica deportiva.

LUGO ESTREOUSE COMO SEDE DA COPA PRINCESA DE VOLEIBOL

O Pavillón Municipal dos Deportes foi a sede dun intenso campionato copeiro no que se enfrontaron os catro mellores equipos da SuperLiga Feminina 2: CV Madrid Chamberí, CV Elche Viziusport, CV Xátiva e CV Emevé. O club lucense foi o anfitrión do torneo que tivo unha importante repercusión mediática, ademais dunha oportunidade única para promover o deporte feminino. O CV Emevé quedou subcampión do título, dando á afección lucense a primeira alegría dunha temporada que culminaría co ascenso á SuperLiga Feminina 1.

SEGUNDA GALA DO CIRCUÍTO LARSA CORRE CON NÓS

O Concello de Lugo organizou por segundo ano consecutivo a Gala Circuíto Larsa Corre con Nós na que se entregaron galardóns a máis de 120 atletas. Os gañadores e gañadoras das diferentes clasificacións e categorías do circuíto de carreiras populares recibiron os seus premios e trofeos de man do goberno municipal nun Auditorio Gustavo Freire ateigado de público. O atleta e adestrador Felipe Barata encargouse de conducir o acto celebrado o 2 decembro no que se homenaxeou ao corredor Daniel Aguilar, unha figura emblemática do atletismo popular lucense.

A atleta Josefina Castro foi a gañadora da clasificación final compensada na que se ponderan a idade ou a distancia das probas

> LUGO VOLVE FACER HISTORIA NO DEPORTE COA ORGANIZACIÓN DESTA PROBA DO CIRCUÍTO INTERNACIONAL
>
> *LARA MÉNDEZ*

WORD PADEL TOUR

Lugo acolleu por primeira vez unha das probas do circuíto intenracional World Padel Tour, unha competición internacional na que participan a elite dunha disciplina deportiva cun número crecente de afecciondos

Lugo estreouse este ano como sede do World Padel Tour, o circuíto máis prestixioso do mundo nesta disciplina deportiva. O Lugo Open 2018 reuniu ás 140 mellores parellas do ránking mundial, que exhibiron a súa calidade nas pistas do complexo deportivo D10, onde se disputaron os encontros da fase previa, e no Pazo Universitario dos Deportes, pista central das eliminatorias e as finais.

Máis de 10.000 persoas asistiron aos partidos disputados do 3 ao 9 de setembro. Unha maratón de pádel que tivo como gañadores a Matías Díaz e Alejandro Galán na categoría masculina e a Marta Marrero e Alejandra Salazar na categoría feminina, onde se viron algúns dos puntos máis espectaculares do torneo. Á vistosidade da competición contribuíron primeiras figuras mundiais como Fernando Belasteguín, Pablo Lima ou as irmás Sánchez Alayeto. Os organizadores do evento internacional destacaron a calidade das instalacións deportivas que acolleron os encontros, ademais do atractivo turístico e o ambiente acolledor da cidade.

A presenza en Lugo da elite do padel supuxo un estímulo para o crecente número de afeccionados e afeccionadas cos que conta esta disciplina, o deporte colectivo máis practicado en España por detrás do fútbol. As xeneracións máis novas incorpóranse á práctica dun deporte que ten nas categorías sénior e veterano o maior número de deportistas federados na provincia.

> COA SÚA DIFUSIÓN MEDIÁTICA, O TORNEO LEVOU O NOME DE LUGO POR TODO O MUNDO
>
> *MIGUEL FERNÁNDEZ*

PROMOCIÓN INTERNACIONAL

O World Padel Tour foi o evento deportivo de maior proxección que acolleu Lugo durante o ano. O Lugo Open 2018 situou á cidade no mapa do deporte internacional. Afeccionados de diferentes países interesáronse pola participación no torneo das grandes figuras do padel mundial. Os encontros puideron seguirse en retransmisións televisivas a través da plataforma Gol TV e en streaming a través do canal propio da organización, que conta con máis de 238.000 espectadores e espectadoras en todo o mundo. O torneo tivo eco en medios xeneralistas e especializados de todo o planeta, ademais dun forte impacto nas redes sociais .

Como sede do prestixioso circuíto internacional, Lugo situouse á altura de grandes cidades de todo o mundo como Barcelona, Madrid, Londres, París, Lisboa, Bruxelas ou Buenos Aires, que tamén acolleron torneos do World Padel Tour ao longo da temporada.

O ATLETISMO É O PULMÓN DO DEPORTE EN LUGO

O privilexiado entorno da cidade, con amplas zonas verdes á beira dos ríos Miño e Rato, converten Lugo nunha cidade propicia para a práctica do atletismo tanto a nivel amateur como profesional. O éxito de convocatoria de citas como o Circuíto Larsa Corre con Nós, a Lugo Monumental GP Caixabank ou a Media Maratón Cidade de Lugo acreditaron, ao longo do ano, a boa saúde deste deporte no concello

As tres probas estrela sumaron preto de 6.000 participacións de corredores e corredoras de diferentes categorías e trouxeron a Lugo lendas vivas do atletismo como os mediofondistas Fermín Cacho e Abel Antón. O 2018 foi tamén un ano de múltiples recoñecementos de institucións públicas e entidades privadas ao atleta lucense Tito Margaride

CIRCUÍTO LARSA CORRE CON NÓS

O Circuíto Larsa Corre con Nós, evento deportivo pioneiro polo seu formato, cumpriu a maioría de idade en 2018. Uns 2.500 deportistas de diferentes categorías, procedentes de toda Galicia, participaron nas seis probas organizadas entre xaneiro e xullo na cidade e no seu entorno. Unha das bandeiras da décimo oitava edición foi a igualdade de xénero, unha reivindicación á que o Concello de Lugo lle quixo dar unha visibilidade especial coa cuarta carreira do circuíto Corre con Nós-Corre con Elas, celebrada en abril. Máis de 120 atletas de distintas idades recibiron galardóns polos seus resultados en diferentes probas e clasificacións nunha gala celebrada o 3 de decembro no Auditorio Gustavo Freire.

LUGO MONUMENTAL G.P. CAIXABANK

A Carreira Popular Lugo Monumental Gran Premio Caixabank rexistrou na décimo sexta edición a segunda participación máis elevada de toda a historia, superando nun 25 por cento as cifras do ano 2017. Máis de 1.600 corredoras e corredores de diferentes categorías sumáronse á proba de 10 quilómetros, cun percorrido polos emprazamentos máis emblemáticos da cidade. O maior atractivo da carreira volveu ser o treito de dous quilómetros polo adarve da muralla, un escenario único para unha cita na que conviven deportistas con variados obxectivos e niveis competitivos. O padriño da proba foi o triatleta do Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial, Pablo Dapena, campión do mundo de longa distancia.

MEDIA MARATÓN CIDADE DE LUGO

A Media Maratón, unha proba longamente demandada polo atletismo lucense, consolidouse coa celebración da súa segunda edición, con preto de 600 participantes das categorías sénior e veteranos. Os corredores e corredoras completaron un traxecto de 21 quilómetros polas rúas e prazas do centro da cidade, máis rápido e máis técnico que o da primeira edición. Manuel Hurtado e María José Coya coroáronse como gañadores da carreira, que sorprendeu pola súa vistosidade. O medallista olímpico Fermín Cacho foi o padriño da carreira que tivo como espectadores outras dúas lendas do fondismo español, Abel Antón, padriño da primeira carreira, e o pontenovés Tito Margaride.

AVANCE Circuíto Larsa Corre con Nós 2019

A Concellaría de Deportes abriu o período de Inscricións correspondente á XVIII Edición do Circuíto Corre con Nós dende o LUNS 4 DE DECEMBRO ata o MARTES 14 DE XANEIRO | Inscripción: **https://goo.gl/uG5vUb**

3800 metros

Circuíto totalmente asfaltado que discorre polo interior e exterior do recinto amurallado e con saída e chegada no fondo da Praza Maior de Lugo.

Trazado chan e sinuoso que combina as estreiteces do casco histórico coa amplitude das ruas céntricas da Cidade nun entorno nocturno inigualable

NOCTURNA CASCO HISTÓRICO
19|01|2019

6000 metros

Perfectamente asfaltado e con longas rectas, inicia a proba cunha lixeira subida non apreciable que fai cómoda a entrada en carreira polo ancho do trazado.

Circuíto de ida e volta baixo frondosa vexetación e inmellorables vistas do Rio Rato e o seu paseo fluvial.

ESTRADA RÍO RATO
17|02|2019

4400 metros

Consta de amplos aparcadoiros para chegar sen perder tempo buscando donde deixar o coche en dirección á carreira, o que facilita a comodidade dun trazado dos menos chans dos seis que compoñen o circuíto. No transcurso da proba combínase asfalto con terra.

CENTRO COMERCIAL AS TERMAS
17|03|2019

6000 metros

Trazado ben asfaltado e sinuoso que comeza en lixeira pendente para baixar novamente, e onde as/os corredoras/es van formando unha grande fila cara o punto de retorno, baixo a gran vexetación que adorna este paseo moi transitado e coñecido polos lucenses.

PASEO OMBREIRO
13|04|2019

5850 metros

Esta carreira, sempre agardada polos corredores, combina asfalto e terra, pasa sobre a pasarela fluvial que atravesa o río, logo dirixise cara á ponte do río Mera pola calzada asfaltada, e volve polo areoso paseo fluvial que os leva de novo á liña de saída, invertindo o percorrido de ida.

RECINTO FEIRAL PAZO FEIRAS E EXPOSICIÓNS
18|05|2019

5500 metros

A carón da Piscina Municipal de Frigsa e xunto ás diferentes instalación deportivas, sae do recinto para aproveitar as avenidas anexas nun percorrido 100% de asfalto e cun perfil plenamente chan, que dá a oportunidade de alcanzar a mellor clasificación final do circuíto.

PARQUE FRIGSA
09|06|2019

"COAS MELLORAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL GAÑAMOS EN SEGURIDADE E COMODIDADE NA PRÁCTICA DEPORTIVA"

MIGUEL FERNÁNDEZ



O Concello de Lugo investiu 362.000 euros na mellora de instalacións fundamentais para o deporte de base: os campos de fútbol da Cheda e do Luis López Gorgoso e as piscinas climatizadas de Frigsa.

Gran parte dos fondos destináronse ás actuacións nos dous campos de fútbol municipais nos que se renovou o terreo de xogo, substituíndo o vello céspede artificial por herba sintética de última xeración, adaptada ás normas e esixencias actuais. Previamente corrixíronse os defectos e desniveis do pavimento. Na Frigsa, realizáronse traballos de mellora e mantemento das dúas piscinas para garantir un funcionamento máis eficiente. Ademais, acondicionouse a entrada e pintáronse diferentes zonas das instalacións.

Para estrear o renovado céspede do Luis López Gorgoso, o Concello de Lugo organizou o Torneo San Froilán de Fútbol Feminino no que participaron a Milagrosa e o Friol Lugo B.

CURSOS DE NATACIÓN

As piscinas de Frigsa e das Pedreiras acolleron cursos trimestrais de aprendizaxe, iniciación e perfeccionamento que facilitan a práctica da natación a persoas de todas as idades e niveis de coñecemento



O Concello de Lugo fomenta a práctica da natación con cursos trimestrais nas piscinas municipais dos complexos deportivos de Frigsa e As Pedreiras. A oferta adáptase ás condicións de todos os usuarios e usuarias con sesións para nenos, adultos e persoas maiores en tres niveis: aprendizaxe, iniciación e perfeccionamento. A iniciativa conta cunha gran aceptación por parte da cidadanía que, ano a ano, completa as máis de 1.200 prazas dispoñibles ao longo da temporada, de outubro a xuño, entre as dúas instalacións. A flexibilidade horaria, con diferentes alternativas durante o día, e a contía das cuotas, que oscilan entre os 7,90 euros para as persoas maiores e os 22,90 para a poboación adulta, fan destes cursos un dos programas máis populares da Concellaría de Deportes.

Ademais, no mes de setembro, as piscinas albergaron cursos intensivos de aprendizaxe e iniciación básica para nenos e nenas entre os 6 e os 10 anos. O Concello ofertou 210 prazas para esta actividade.

ANIVERSARIO DE CITAS CON GRAN TRAXECTORIA

O arraigo do deporte en Lugo púxose de manifesto con edicións históricas de citas de gran traxectoria como o Día da Bicicleta, o Triatlón do Miño ou o Rally San Froilán, que levan décadas destacadas en vermello no calendario galego

O patrocinio e colaboración do Concello de Lugo garante a continuidade destes eventos deportivos que supoñen un importante dinamizador económico para o municipio ao atraer milleiros de afeccionados

25 ANOS DÍA DA BICICLETA

Os ciclistas tomaron o protagonismo nas rúas da cidade coa celebración do Día da Bicicleta, que o 20 de outubro chegou á vixésimo quinta edición. O Concello de Lugo colaborou na organización desta cita que combina ocio e deporte, ao tempo que pretende concienciar á cidadanía sobre o uso dun medio de transporte sostible e respetuoso co medio ambiente. Un milleiro de persoas pedalearon ao unísono polas rúas do centro, recorrendo seis quilómetros e medio sobre as dúas rodas e enchendo de ambiente festivo a cidade.

A xornada congregou a persoas de todas as idades, pero os máis entusiastas foron os nenos e nenas, que ademais de disfrutar do recorrido ciclista en familia, puideron divertirse con actividades paralelas organizadas na Praza Maior, onde comezou e rematou a proba. Malabarismos e xogos achegaron aos pequenos a uns vehículos chamados a ocupar cada vez máis espazo nos centros urbanos.



15 ▪ 06 ▪ 2018

21 ▪ 10 ▪ 2018

27 ▪ 10 ▪ 2018

30 ANOS TRIATLÓN DO MIÑO

O Triatlón do Miño cumpriu tres décadas, confirmándose como a proba máis consolidada de Galicia nesta disciplina. O Concello de Lugo apoiou á Asociación Deportiva Fefeme na organización da cita, incluída dentro do circuíto do Campionato Galego.

Máis de 200 deportistas participaron na proba que se desenvolveu na contorna da área recreativa dos Robles, aproveitando as posibilidades que ofrece para deseñar circuítos a pé, en bicicleta e a nado, as tres disciplinas que combina esta modalidade olímpica. Ás probas absolutas sumouse un "Nada e corre" non competitivo para as categorías de base no que participaron deportistas en idade benxamín, alevín e infantil. O evento, fortemente arraigado no calendario de citas deportivas lucenses, segue a crear afección a un deporte que levou o nome de Lugo ao máis alto dos podios estatais, con exitosas participacións dos equipos do Cidade de Lugo nos últimos campionatos de España.

40 ANOS RALLY SAN FROILÁN

Lugo tamén presumiu este ano de tradición automobilística. O Concello contribuíu ao patrocinio da cuadraxésima edición do Rally San Froilán, que reuniu máis de 100 pilotos de toda Galicia, entre eles os aspirantes ao título autonómico. O rally lucense, o penúltimo do circuíto, foi determinante no desenlace do Campionato Galego e coroou ao coruñés Víctor Senra, gañador da proba, seguido polo lucense Adrián Díaz.

Os pilotos percorreron máis de 378 quilómetros, con dúas voltas por cada un dos treitos habilitados. Unhas 40.000 persoas seguiron en directo o paso dos vehículos polos diferentes puntos. A entrega de premios realizouse no Museo Interactivo da Historia de Lugo. Ademais da relevancia que tivo no ámbito competitivo, a carreira actuou como un potente dinamizador da actividade nos establecementos hosteleiros da cidade e de provincia xenerando un retorno económico estimado nun millón de euros.

PAIXÓN POLO LUGO QUE RESPIRA DEPORTE

Concello de Lugo